

Alfredo Guiu aposta por “devolver aos veciños e veciñas de As Nogais os servizos que perderon co goberno do PP”

A intención do candidato socialista “é facer un concello aberto a todos e xestionar o reparto dos recursos dun xeito xusto e equitativo, de forma eficaz e transparente”

Os compoñentes da lista, renovada nun 75%, preséntanse coa “ilusión e motivación de traballar por e para o municipio e os nosos veciños e veciñas”

AS NOGAIS, 5 DE MAIO DE 2015.- O candidato do PSOE de As Nogais –Alfredo Guiu- encabeza a lista que levará a cabo o proxecto socialista para o municipio. En primeiro lugar, segundo explica o alcaldable, “o obxectivo é o de devolver aos veciños e veciñas os servizos que perderon co goberno do PP, facer un concello aberto a todos e xestionar o reparto dos recursos dun xeito xusto e equitativo, de forma eficaz e transparente”.

No eido dos servizos, os socialistas apostan polo mantemento e mellora das vías, a traída de auga, recollida de lixo e o funcionamento do alumeadado público durante toda a noite en todos os núcleos do municipio, así como a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ademais, Guiu anunciou a posta en marcha dun centro de día, un servizo moi necesario para o conxunto da cidadanía de As Nogais, que por outra banda, propiciará a creación de novos posto de traballo.

Neste senso, os socialistas comprométese coa promoción e creación de emprego, para o que se aportará un maior investimento, aforrando noutras áreas do concello ao tramitar a compra de materiais, suministros e servizos a través da oferta pública e anuncian unha redución dos salarios dos cargos políticos. Neste ámbito, o proxecto que lidera Guiu aposta tamén pola creación dunha bolsa pública local de emprego.

O PSOE pretende realizar unha promoción turística a través de convenios con outras administracións, concellos limítrofes e axencias de viaxes. Asemade, anuncian a recuperación da feira mensual do municipio, que, sumado á promoción turística, redundaría nun importante beneficio económico e nun posible aumento de postos de traballo en As Nogais.

Goberno próximo

Ademais, a intención dos socialistas é a de crear un goberno próximo á cidadanía. Para iso, actualizarase a páxina web do concello, na que aparecerá toda a información relativa ao mesmo (plenos, contas, orzamentos, compras, recursos...). Ademais, preténdese mellorar a emisora local de radio e nomear a pedáneos para ter un coñecemento permanente das necesidades de cada núcleo de poboación.

Para acadar estes obxectivos, os compoñentes da lista preséntanse coa “ilusión e motivación de traballar por e para o municipio e os nosos veciños e veciñas”. Trátase dunha lista renovada nun 75% e que está composta polos seguintes integrantes:

1. Alfredo Guiu Valle
2. Consuelo Gómez Campo
3. Elvira Río Rivera
4. Miguel Ángel Pereira Gutierrez
5. Manuel Freijo Carballo
6. Manuel Freijo Pérez
7. Manuel Alba Núñez
8. Ramón Fernández Fernández
9. José Manuel Freijo Fernández



NOTA DE PRENSA

Suplentes:

1. José Manuel Pérez Chao
2. Manuel López Díaz
3. María Vanessa Freijo Lende